

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 28 DE
NOVEMBRO DE 2013.**

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)

D^a Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)

D^a María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)

D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)

D^a María Jesús Penela Mato (PP)

D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)

D. José Luis Espiño Espantoso (PP)

D^a Marta López Arines (PP)

D. Luis Juan Arceo López (PP)

D. Manuel Asorey Suárez (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

INTERVENTORA XERAL

Dona Isabel Pernas Sánchez

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS, EXPEDIENTE CT-2013/03.

Procede o Sr. Alcalde a solicitar a ratificación do asunto na orde do día, circunstancia que procede cando o asunto non foi ditaminado pola comisión informativa e aínda que o acordo foi ditaminado é certo que o foi despois da convocatoria do pleno sendo ratificada cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP (12) e o voto en contra do grupo mixto (1).

Procede o secretario á lectura do dictame da comisión informativa:

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión extraordinaria celebrada o 28 de novembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS, EXPEDIENTE CT 2013/03.

Intervén o Secretario dando lectura á proposta da alcaldía que é a seguinte:

O servizo de axuda no fogar, tanto para persoas en situación de dependencia como as que acceden a este servizo por libre concurrencia estase a prestar mixtamente, por unha banda con persoal contratado polo concello (xestión directa) e por outra banda por dúas empresas (xestión indirecta). Co obxectivo de regularizar e homoxeneizar o servizo a dado que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013 establece no artigo 22.catro que a masa salarial do persoal laboral no poderá incrementarse en 2013, e que o artigo 23.dous establece que durante o ano 2013 non se procederá á contratación de persoal temporal, ni náo nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que se restrinxirán a sectores, funcións e categoría profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento de servizos públicos esenciais, ademáis das restricción establecidas no plan de axuste e polo que veño en propoñer o seguinte acordo:

Primeiro.- A forma de xestión do servizo de axuda no fogar será indirecta a través dun contrato de servizos de conformidade co disposto no RDL 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación CT 2013/03 así como o prego de cláusulas administrativas e prescripción técnicas redactadas polo secretario xeral do Concello.

Terceiro.- Acordar o compromiso de gasto plurianual de 669.980,16 euros para os exercizos orzamentarios 2014 e 2015 con cargo á aplicación orzamentaria 233.22799 e distribuidos da forma seguinte:

- Exercizo orzamentario 2014 (ive engadido): 334.990,08
- Exercizo orzamentario 2015 (ive engadido): 334.990,08

Deseguido procede o secretario á lectura do acordo da mesa xeral de negociación celebrada o 27 de novembro de 2013 que é o seguinte:

"ASISTENTES

Por parte da Administración:

Presidente: Don Manuel Cuiña Fernández (Alcalde-Presidente do Concello de Silleda)

Vogais:

María del Pilar Peón Iglesias (Concelleira de persoal)
María Dolores García Troitiño (Concelleira de servizos sociais)

Por parte das Asociacións Sindicais

Dona Bernardina Porral Mosquera (CIG)

Por parte do Comité de Empresa:

Don Antonio García Varela
Don Fernando Rodríguez Vázquez
Don Francisco Javier Gómez Rey

Secretario

Francisco Javier Oubiña Lodeiro (Secretario Xeral do Concello de Silleda).

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial de Silleda, sendo as dezoito horas e vinteoito minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os membros citados ut supra, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria da Mesa Xeral de Negociación do persoal laboral do Concello.

Declárase pola Presidencia aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

1º.-) SUBROGACIÓN DO PERSOAL LABORAL ADSCRITO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR CAMBIO DA FORMA DE XESTIÓN, PASANDO A PRESTARSE POR XESTIÓN INDIRECTA.

Comeza o Secretario dando lectura á proposta da Alcaldía, acto seguido procede a dar lectura íntegra do escrito presentado polo CSI-F, remitido por correo electrónico no que pregaban se informase á mesa do seu contido. En resumo é o seguinte, queren expresar a súa postura en contra da privatización ou xestión indirecta do servizo de axuda a domicilio porque está demostrado que os servizos públicos xestionados por empresas privadas lle saen mais caros á administración, que entenden que se necesitarían 19 persoas, que o Concello xa dispón de Traballadora Social, que o prezo é temerario xa que entenden que o servizo custaría 400.000,00 euros anuais, pero que se o prestase o concello sairía preto dos 300.000,00 e que é un servizo básico.

Intervén a Sra. Porral Mosquera quen dí que están en contra da externalización, que fallan datos económicos, que non sabe como quedarían as outras dúas empresas, que calcularon que o número de traballadores será de 19.

Intervén o Sr. Gómez Rey en termos similares, que prefiren que as traballadoras que teñen contrato co Concello continuen mantendo a relación contractual, no mesmo senso se pronuncian o resto dos membros do comité de empresa, pero que se non queda máis remedio que externalizar o servizo parécelles ben que a empresa adxudicataria se subroge na posición de empresario.

Intervén o Sr. Presidente quen dí que non queren hipotecar ao Concello por ninguén, que no prego se dan as máximas garantías ao persoal que pertence ao concello obrigando á empresa adxudicataria a respectar os seus dereitos que veñen establecidos no convenio colectivo.

Pregunta a Sra. Porral Mosquera que qué pasa se o Pleno vota en contra, ao que resposta o Presidente que se vota en contra terá o concello que seguir prestando o servizo con persoal propio.

Sometido o asunto a votación A Mesa cos votos favorables por unanimidade por parte da Administración e por outra banda con unanimidade dos representantes das Asociacións Sindicais e membros do comité de empresa acordan acceder á proposta da Alcaldía de que se subroge o persoal laboral adscrito ao servizo de axuda no fogar por cambio da forma de xestión, pasando a prestarse por xestión indirecta, querendo explicar o sentido do seu voto todos os membros presentes das Asociacións Sindicais e do comité de empresa xustificándoo do seguinte xeito, que están dacordo coa subrogación do persoal no caso de que o servizo se preste indirectamente pero que prefiren que o servizo se preste de xeito directo polo propio concello e que este persoal siga tendo relación contractual co concello.”.

Acto seguido intervén a Sra. García Troitiño quen dí que vistos os informes emitidos e que a forma de xestión non legal dende o punto de vista xurídico, coidase que a forma máis axeitada para prestar o servizo é a través dunha xestión indirecta externalizando o mesmo. Que a día de hoxe teríamos que contratar a 13 persoas máis así como que hai que xestinar o servizo, que só temos unha traballadora social adicada a este servizo, e que no tocante ao persoal procurouse darlle todas as garantías así como exisirlle á empresa para que se subroge.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que quere preguntar polo informe da interventora sobre a falla do estudo económico. Resposta a Interventora que aportouse agora un informe por parte da traballadora social que non indicaba os custes e que logo foi elaborado un estudo do custe do servizo por persoal. Dí que no informe de secretaría figura que o servizo únicamente se prestaría por 14 persoas. Por último pregúntalle á interventora se a empresa privada pode despedir ao persoal que agora pertence ao concello ao que a interventora contesta que as traballadoras que rematen o contrato no prazo dun ano a empresa non tería a obriga de mantelas e que no restante persoal, que podería considerarse indefinido por sentenza xudicial, pode haber un expediente disciplinario como pode acontecer no concello.

Con respecto ao informe de secretaría onde se indica que o servizo pode ser prestado por 14 persoas dí o secretario que o cálculo se fixo dividindo o número de horas a prestar pola xornada establecida nos convenios do sector que son de 1755 horas ao ano, pero que non tivo en conta o tempo que pode supoñer o desprazarse por unha auxiliar dun domicilio a outro.

Intervén o Alcalde e a Sr. García Troitiño para dicir que tanto os sindicatos como os servizos sociais cifran o persoal para prestar o servizo en 18 persoas ou 19 e que hai que computar o tempo de desprazamento.

Intervén a Sra. Penela Mato preguntan se entendeu ben cando se expuso que a contratación é irregular, ao que contesta a Sr. García Troitiño que sí, que as facturas que están a expedir as dúas empresas son obxecto de reparo por parte da intervención.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre pedíndolle ao secretario se lle pode facilitar entrega do escrito presentado polo CSI-F e copiada acta da mesa, documentación que se lle facilita ao remate da sesión. Dí que a súa posición é moi clara, que existe un forma mixta de comodidade e que cando un xestiona algo debe dicir que é o mellor para o concello e para os veciños.

Sometida a proposta a votación esta é dictaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Cuiña Fernández, García Troitiño, Brey Montaña (3) o voto en contra do Sr. Rodríguez da Torre, e 3 abstencións Srs Espiño Espantoso, Penela Mato e Asorey Suárez, en consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta da alcaldía sobre a aprobación da forma de xestión do servizo de axuda no fogar e aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, expediente CT 2013/03.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen quere expresar o seu malestar por ser convocados hoxe pola mañá á comisión informativa, que existen dúbidas por parte do concello e que a traballadora social presenta contradicións no seu informe sobre a forma de xestión idónea. Fai mención tamén ao informe da intervención municipal, que descoñecen cantas persoas están contratadas e cantas se necesitan, que o informe de secretaría fala de que serían necesarias 14 persoas e non as 18 que se presumen, aínda que é verdade que o secretario recoñeceu que non tivo en conta o tempo de desprazamento dos empregados. Remata dicindo que a mesa xeral de negociación se opuso a esta forma de xestión e que a subrogación do persoal do concello non lles da seguridade xurídica para manter o posto.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen se ratifica en que este punto non debe ser tratado de xeito urxente xa que houbo unha comisión ordinaria e o asunto non foi levado a ela, xa que así poderían presentar un estudo alternativo. Dí que os custes non dan algo que dí claramente o CSIF e que esta forma de xestión non é rentable. Prosegue a dicir que non entenden o interés en privatizar e pensan que é unha tentativa de desfacerse de traballadores, enviando a estes a unha precarización laboral e que seguen sen entender porque non se lle ocorreu ao grupo de goberno regularizar a situación, segue sen se facer un estudo. Dí que claro que sae máis cómodo que o leve unha empresa pero que hai que xestionar o servizo e non despreocuparse del, que a precarización laboral de ser aprobado este punto vai ser unha realidade máis horas de traballo e menos remuneración. Dí que hai que mirar polos traballadores e porque o servizo sexa o mellor para a cidadanía, que se fala dunha oferta temeraria porque os pregos non conteñen un estudo económico tal e como puxo de manifesto a interventora.

Intervén a Sra. García Troitiño quen dí que a convocatoria a fixo o secretario que a forma de xestión mixta que se está a levar non é correcta jurídicamente e que se están a reparar as facturas por parte da intervención municipal, que segundo o

informe da traballadora social farían falla entre 17 e 18 persoal cifra elevada polos sindicatos a 19 ou 20, e que dacordo coa documentación o mellor é a externalización.

Intervén o Sr. Alcalde, en referencia ao PP dí que todos os concellos onde goberna o PP da comarca externalizaron o servizo, que os pregos de contratación dan a maior seguridade xurídicas aos traballadores con respecto ao BNG dí que cando el foi concelleiro con responsabilidades no grupo de goberno externalizou servizos como o do cascarón, que o mellor é externalizar o servizo e que a xestión mixtasería moi complicada de facer e que o estudo económico se ben é unha folla que non está asinada fíxose polo departamento de persoal.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que eles responden polo concello de Silleda e non por outros concellos da bisbarra e volta a insistir en que non teñen un estudo comparativo que diga cal das formas de xestión é a mellor.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dí que eles queren que se estude a municipalización do servizo, no tocante á referencia do Alcalde sobre o expediente do cascarón dí que se fixo porque xa estaba o prego e que tiñan que facer un estudo económico do cal é conciente a interventora municipal, reitera a situación de precariedade na que se van a atopar os traballadores do concello que asuma a empresa, que estes traballadores poderíanse incluír na RPT, que o que se propón é privatizar por privatizar que xa se sabe que todo servizo público da traballo e que supón unha responsabilidade política por ilo non pode apoiar esta proposta xa que parece ser que se queren desprender do servizo para non ter que xestionalo.

Intervén a Sr. García Troitiño quen dí que cando dí que fixemos o que podemos refírese a que se fixo o prego de xeito que os dereitos dos traballadores quedaran o máis garantidos que se puidera.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que hai que fixar para a xestión un prezo determinado e en referencia ao contrato do cascarón se o concelleiro do BNG non o puido xestionar directamente o primeiro ano sí o puido facer o segundo.

Sometido o asunto a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votos a Favor (6) Membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE

Votos en contra (7) Membros dos grupos municipais dos grupos do PP e Grupo mixto.

En consecuencia queda rexeitada a proposta de cambio da forma de xestión servizo de axuda no fogar e aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, expediente CT 2013/03.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE SILLEDA.

Procede o Sr. Alcalde a solicitar a ratificación do asunto na orde do día, circunstancia que procede cando o asunto non foi ditaminado pola comisión informativa e aínda que o acordo foi ditaminado é certo que o foi despois da convocatoria do pleno sendo ratificada cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP (12) e o voto en contra do grupo mixto (1).

Procede o Secretario á lectura do dictame da comisión informativa que é o seguinte:

A comisión informativa de cultura, turismo, educación, participación cidadá, deportes, mocidade e infancia, en sesión extraordinaria celebrada o 28 de novembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE SILLEDA.

Procede o secretario á lectura da proposta da alcaldía que é a seguinte:

Redactado da Concellería de Participación Cidadá o proxecto de Modificación do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Silleda, por medio do presente veño en propoñer o seguinte:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Silleda.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espazo de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, non entrando en vigor ata a publicación do seu texto no BOP.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que se propón a modificación do regulamento de participación cidadá pola escasa operatividade que ten en determinados supostos e dalle a palabra á concelleira de participación cidadá que foi a que redactou a proposta de modificación.

Intervén a Sra. Peón Iglesias quen explica que se modifican, nalgúns casos a redacción da ordenza e noutros sí que existen cambios sustanciais para facilitarlle as actuacións aos veciños e plantexar unha fórmula alternativa de elección dos membros dos distintos órganos cando a participación sexa inferior ao 20%, porcentaxe só superada en Pazos, Saidres e Xestoso. Os artigos obxecto de modificación son o 4, o 6 o 11.3, o 16, o 20 e o 31.

Ábrese pola Presidencia unha primeira quenda de intervencións

O Sr. Espiño Espantoso dí que parece que existe una pequena contradicción xa que se se dí que a ordenanza non funciona non debe corregirse senón derogarse. Pregunta se o secretario ten que informar a ordenza ao que se contesta que o

únicamente terá que informar se neste asunto se así se lle require polo alcalde ou por un tercio dos membros da corporación con antelación á sesión na que deba tratarse e que é hoxe pola tarde, debendo ter como prazo para a emisión do informe 10 días.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que o xoves pasado día da celebración das comisión informativas ordinarias nin sequera se plantexaron os 3 puntos que van na orde do día do pleno a celebrar hoxe á tarde e que se tratan agora pola mañá. Que ten outra queixa formal xa que parece que o que se pretende é que só poidan acudir certas persoas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que con respecto ao PP que isto é un cambio o que non quere dicir que a ordenanza non valga xa que hai cousas que funcionan ben. En canto á intervención do BNG dí que non se vai a parar a administración e que se solicita para poder acudir ao traballo que as comisións se celebren pola tarde que tomará nota.

Sometida a proposta a votación esta é dictaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Cuíña Fernández, García Troitiño e Brey Montaña (3) e coa abstención dos Srs Espiño Espantoso, Penela Mato, Asorey Suárez e Rodríguez da Torre (4), en consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta da Alcaldía sobre a modificación do regulamento de participación cidadá do concello de Silleda."

Intervén a Sra. Peón Iglesias quen explica que estes cambios veñen dados pola nula participación existente na maioría das parroquias o que demostra o desinterese existente por iste regulamento e que o queren é amoldar as circunstancias específicas dalgunhas parroquias e regulamentar unha serie de trámites administrativos para unha mellor aceptación da ordenanza e que esta responda a principios de eficacia e eficiencia. As modificacións propostas son as refrentes aos artigos 4º, 6º, 11º, 16º, 20 e 31.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre que recoñece que ningún regulamento é perfecto, que este foi aprobado cos votos favorables do BNG e PSOE e coa abstención do PP, que os representantes públicos deben fomentar a participación cidadá, que a única persoa que fixo este regulamento e que se preocupou foi el mesmo, que hai alteracións que pode estar dacordo pero noutras non, que lle molesta en relación co artigo 4º que se trate na redacción anterior dun chiringuito, que o artigo 11 dí o mesmo, que no 16 non se pretendía crear unha oficiña, que no referente aos artigos 20 e 31 que se trocan e se dí agora que foi un desastre a participación dí que coída que é bo, que cré na democracia directa e que non está dacordo coas porcentaxes, por último dí que fará unha proposta para que se convoque o consello económico-social e que se convoque o pleno do estado do concello de Silleda.

Intervén a Sra. Peón Iglesias quen dí que quere facer unha puntualización, que non hai pedáneos e que non hai nada máis democrático que elixir ao Alcalde e que se mirou o regulamento e que o concelleiro do BNG non convocou os consello e que por suposto creábase o económico-social.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que é importante que o regulamento sexa defendido e difundido, que daquelas realizouse un traballo inxente e que él era 1 só e que os do PSOE son 6.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que agora non hai reproche das asociación antes sí porque dín que cando o Concelleiro do BNG estaba non se cumpriu nada e que non se lle deron as actas.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que todas as actas foron lidas nas sesións correspondentes e que os do PSOE non fixeron nada.

Sometido o asunto a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor (6), Membros do grupo Municipal do PSdeG-PSOE
Votos en contra (1) Grupo Mixto
Abstencións (6) Membros do grupo municipal do PP

En consecuencia queda aprobada inicialmente a modificación do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Silleda nos termos en que foi presentada.

3º.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN, E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES ASÍ COMO A XESTIÓN DE PUNTOS LIMPOS NOS DITOS CONCELLOS.

Procede o Sr. Alcalde a solicitar a ratificación do asunto na orde do día, circunstancia que procede cando o asunto non foi ditaminado pola comisión informativa e aínda que o acordo foi ditaminado é certo que o foi despois da convocatoria do pleno sendo ratificada cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP (12) e o voto en contra do grupo mixto (1).

Procede o secretario á lectura do dictame da comisión informativa que é o seguinte:

"A Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión extraordinaria celebrada o 28 de novembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

2º.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN, E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES ASÍ COMO A XESTIÓN DE PUNTOS LIMPOS NOS DITOS CONCELLOS.

Procede o Secretario á lectura da proposta da alcaldía que é a seguinte:

Vista a documentación remitida pola Deputación Provincial, e evacuados os informes preceptivos de secretaría e intervención, nos que se esixe maioría absoluta para a adopción do acordo, por medio da presente veño en propoñer o seguinte:

Primeiro.- Adherirse ao convenio marco de colaboración entre a deputación de pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a prestación, por parte da deputación e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión de puntos limpos, nos ditos concellos, acordando expresamente a delegación de competencias ás que se refiren as cláusulas segunda e sexta e asumindo o réxime económico xeral e transitorio establecido no convenio.

Segundo.- Remitir certificación do acordo á Deputación Provincial de Pontevedra

Terceiro.- Facultar o alcalde para asinar os documentos que deriven deste convenio.

Rematada a lectura ábrese por parte da presidencia unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que esta de acordo.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que todas as vías seguen se se explorar, que se leva moito tempo falando coa deputación e que habería concello que o servizo o sacaría máis barato.

Intervén o Sr. Alcalde que dí que ante o informe conxunto emitido pola secretaría e intervención, están á espera de que a deputación lles poida aclarar as dúbidas que lles xurden aos habilitados nacionais.

Sometida a proposta a votación esta é dictaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Cuíña Fernández, García Troitiño, Brey Montaña, Espiño Espantoso, Penela Mato e Asorey Suárez (6) e o voto en contra do Sr. Rodríguez da Torre, en consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta da alcaldía sobre a adhesión ao convenio marco de colaboración entre a deputación de pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a prestación, por parte da deputación, e con carácter intermunicipal do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables así como a xestión de puntos limpos nos ditos concellos.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que lles parece ben, que todo son ventaxas, tanto na reciclaxe, campañas de concienciación, mellor ubicación dos contenedores e reposición dos mesmos, así como que o custo do servizo veríase reducido podendo aforrarse ata 90.000,00 euros.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que iste convenio ven pola porta traseira, que non é normal aprobar o convenio antes ca taxa, que leva tempo negociando coa deputación e que nin tan sequera se fixo unha previsión do custe, que a

deputación aporta pola incineración e eles pola reciclaxe, pregunta porque non se estuda a posibilidade de mancomunar o servizo con Vila de Cruces. Remata dicindo que antes de asinar o convenio hai que estudalo e sobre todo cando se está a estudar a taxa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que por parte da deputación provincial non se aportou na documentación o informe da intervención provincial e solicita que quede enriba da mesa.

Sometida a proposta de deixar o asunto enriba da mesa ata que se aporten os documentos preceptivos esta é aprobada cos votos favorables dos membros do PSdeG-PSOE (6) e a abstención do resto dos grupos (7). En consecuencia non se procede a votar a proposta de acordo.

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

4º.- MOCIÓNS

4.1.- MOCIÓN DO BNG PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre lendo a parte dispositiva da moción que literalmente é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular ...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e

sufrimento para moitas persoas. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico. Velaquí un novo roubo que forma parte dunha estratexia deseñada para facer caixa a costa das persoas máis desfavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarias, da clase traballadora, para seguir engordando a banca e o poder.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.
2. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso País.
3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que deberían contemplarse excepcións

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que están dacordo.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e coa abstención dos membros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do BNG para eliminar o copagamento de medicamentos a persoas doentes crónicas non hospitalizadas na sanidade pública nos termos en que foi presentada.

4.2.- MOCIÓN DO BNG PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DE 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre no que pide que a dotación sexa similar á do ano 2010 e da lectura á parte dispositiva da moción que literalmente dí o seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DE 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, a grave crise que estamos padecendo provocou un incremento importante de persoas que demandan e necesitan recorrer aos servizos sociais públicos para cubrir boa parte das súas necesidades máis básicas e fundamentais.

Paralelamente, mentres estes casos ían en aumento, os gobernos do PP, tanto na Xunta de Galiza como no Estado, amparándose nesta crise e na súa propia filosofía política, veñen aplicando un brutal recorte orzamentario no financiamento dos servizos sociais (Lei de Dependencia, Servizo de Axuda no Fogar, Centros de Día, Escolas Infantís ...), que esta afectando a miles de familias galegas.

Un exemplo claro e grave desta política, témolo no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, aprobado polo Consello da Xunta o ano pasado, que establece un novo modelo de financiamento para os servizos de benestar en Galiza e determina importantes modificacións CO anterior modelo, o que está a Supor na práctica, un trato claramente discriminatorio para os concellos con menor poboación, á par que avanza na privatización e o copago destes,

Así, o artigo 47 deste Decreto determina que fican excluídos de axudas públicas por parte da Xunta de Galiza o Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o persoal adscrito aos equipamentos sociais de titularidade municipal (centros de día ou escolas infantís ...) nas citadas entidades e as unidades de traballo social (persoal dos servizos sociais, agás os traballadores e as traballadoras sociais) nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Esta decisión política do Goberno da Xunta de Galiza significa que 293 concellos foron excluídos da axuda do goberno galego para a servizo da axuda no fogar, o que provoca que arredor de 100.000 galegos e galegas vexan minorado a servizo que se lles viña prestando, favorecendo con iso a perda de emprego para boa parte das persoas que viñan traballando na prestación deste servizo público, básico e fundamental: no medio rural.

A prestación deste servizo básico no medio rural, estase facendo neste momento con recursos moi reducidos mentres a Xunta de Galiza se desentende deste grave problema e das persoas que o padecen.

A situación é cada vez máis grave e o Goberno da Xunta de Galiza non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, e moito menos descargándoas noutras institucións, á hora de dotar os concellos rurais dos recursos económicos e humanos necesarios para facer fronte a este grave problema social e asegurar a prestación acaída do servizo de axuda no fogar aos miles de familias galegas que o necesitan e o están demandando a diario.

Por iso, solicitamos do Pleno da corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

a) Exixir do Goberno da Xunta de Galiza a incorporación dunha partida orzamentaria nos Orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

b) Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dí que agora co Decreto 99/2012 mellorouse, que liquidase a subvención trimestralmente cando antes era anual, que cambia a financiación que agora vai á Deputación.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do BNG para esixir á xunta de galiza unha partida económica nos orzamentos de 2014 para atender o servizo de axuda no fogar (SAF) en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes, nos termos en que foi presentada.

4.3.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A APLICACIÓN DE NOVOS CRITERIOS NO FINANCIAMENTO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que os criterios son inxustos e que os galegos están discriminados por todos os gobernos, que hai que ter en conta o avellentamento e dispersión da poboación, procede á lectura da parte dispositiva da moción que é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA DEMANDAR A APLICACIÓN DE NOVOS CRITERIOS NO FINANCIAMENTO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pretendida Reforma Local baixo o nome de *Proxecto de lei de racionalidade e sustentabilidade da Administración local* baséase nun único criterio, estabilidade orzamentaria, un criterio falso tomado como desculpa para agachar a aplicación dunhas ideas políticas reaccionarias e claramente recentralizadoras. Búscase eliminar toda capacidade de facer políticas alternativas desde un concello que palien os devastadores efectos que este austericidio da troika está a provocar.

En primeiro lugar, é falso culpar e, consecuentemente, aplicar unha estabilidade orzamentaria a unha administración local para nada responsábel do déficit do Estado (este absorbe case o 60% fronte a apenas o 3,5% de todas as entidades locais). E aínda máis, dese déficit local nada menos que a quinta parte corresponde á cidade de Madrid, relaxing débeda que nun discurso de austeridade non impediu a dilapidación, con ridículo incluído, dos cartos de todos e todas nunha delirante candidatura olímpica. Na Galiza isto aínda é máis dramático xa que entre todos os concellos do país teñen unha débeda de 773 millóns, menos que Málaga, Zaragoza, Valencia, Barcelona e o propio Madrid individualmente. Até o propio concello de Jerez de la Frontera (215.180 habitantes e 526,5 millóns) case iguala en débeda a todos os concellos galegos xuntos.

A necesidade dunha reforma da *Leí de bases de réxime local* non responde ao proxecto de lei que o goberno do Estado quere aplicar, porque aumentaría enormemente as eivas actuais sen afrontar ningún dos problemas reais. O principal problema é o actual modelo de financiamento local que non garante a suficiencia de recursos económicos aos concellos, que cada vez teñen dificultades máis crecentes para atender os servizos públicos. Neste contexto de crise económica, o incremento

do déficit nas administracións locais non é o resultado do descontrol na xestión económica, senón da existencia dun imperfecto modelo de financiamento local, onde os concellos reciben unha pequena parte da recadación dos tributos do Estado, que impide a estes ter autonomía en impostos propios, mesmo tendo que asumir compromisos do Estado que lles supón outorgar obrigatoriamente exencións fiscais á Igrexa Católica, a organizacións relixiosas ou amplas bonificacións tributarias ás grandes empresas.

Por iso hoxe é necesaria a reforma do financiamento local, para dotar dun marco estábel aos concellos con fin de asegurar a calidade na prestación de servizos públicos básicos. E abandonar o uniformismo que pretende o Estado e que se recoñeza a súa pluralidade, tendo en conta criterios específicos e propios no reparto da participación nos ingresos do Estado (PIE) que tamén inciden no custo dos servizos, como é o caso da dispersión territorial ou o avellentamento da poboación, como ocorre en Galiza, a pesar de que, a dispersión, é un criterio que se aplica en todas as comunidades autónomas e non pola administración do Estado.

Por todo iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a que adopte os criterios para o reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) de dispersión e avellentamento da poboación, por se tratar de factores que repercuten de xeito determinante sobre o custo dos servizos que prestan os concellos galegos.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a que redacte unha nova Lei de Financiamento Local que afronte os verdadeiros problemas dos concellos galegos.
3. Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentares no Parlamento de Galiza e ao presidente do goberno do Estado.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que iste é un tema que se está a debater nas altas esferas e que van a estar ao acordo ao que poda cegar a FEGAMP co Estado.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que a dispersión debería terse en conta sempre.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre para dicirlle ao Sr. Espiño Espantoso que as altas esferas tamén son estas.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e coa abstención dos membros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do BNG para demandar a aplicación de novos criterios no financiamento da administración local galega nos termos en que foi presentada.

4.4.- MOCIÓN DO BNG PARA INCREMENTAR O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DOS CONCELLOS.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dando lectura á parte dispositiva da moción que é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA INCREMENTAR O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DOS CONCELLOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É preciso salientar a precaria situación económica en que se atopan os concellos galegos por mor das distintas medidas que se veñen aplicando desde o goberno do Estado e da Xunta de Galiza, baixo o paraugas da chamada crise. Estas medidas consisten en recortes de todo tipo que abrigan moitas veces a un incremento das axudas destinadas a atender as persoas máis desfavorecidas, afectadas gravemente e sen posibilidade de afrontaren as súas necesidades máis perentorias. Por outra parte existen graves dificultades para prestar os servizos máis elementais por parte da administración local aos veciños e veciñas, un feito que abriga a demandar da Xunta de Galiza que as subvencións finalistas en concorrencia competitiva que foren posíbeis, sexan desviadas para engrosar o Fondo de Cooperación Local que o goberno da Xunta de Galiza é incapaz de incrementar.

As subvencións finalistas en concorrencia competitiva resultan para os concellos tremendamente complicadas no seu trámite administrativo e moitas veces están suxeitas ao clientelismo político. É ben sabido que os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, son absolutamente capaces de determinaren ande son máis precisas e necesarias as intervencións municipais.

Por outra parte, o Fondo de Compensación Ambiental, creado a partir da produción de enerxía eólica, reserva para a Xunta de Galiza os 2/3 do seu importe, por iso é necesario que se reduza a porcentaxe da Xunta de Galiza e destinar a cantidade resultante tamén ao Fondo de Cooperación Local.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galiza para que todas as subvencións finalistas en concorrencia competitiva dirixidas aos concellos que puideren ser posíbeis, sexan derivadas para incrementar o Fondo de Cooperación Local.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza para un reparto máis xusto do Fondo de Compensación Ambiental, incrementando o que corresponde aos concellos que, na parte que puider ser posíbel, pase a incrementar, así mesmo, o Fondo de Cooperación Local.**
- 3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentares no Parlamento de Galiza e FEGAMP.”.**

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que os fondos que teñen carácter finalista non poden pasar ao fondo de cooperación local.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que eses fondos aos que se refire o voceiro do PP están suxeitos a criterios clientelares.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está dacordo coa moción que os concellos son maiores de idade para saber o que teñen que facer cos cartos.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do BNG para incrementar o fondo de cooperación local dos concellos, nos termos en que foi presentada.

4.5.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA)

Intervén o Sr. Rodríguez Vázquez dicindo que lles parece un disparate a suba que pretende SOGAMA, de seguido procede á lectura da parte dispositiva que é a seguinte:

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE de SILLEDA, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa a **"INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA)"**, con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, presentado pola Xunta de Galicia, e en concreto na Disposición Adicional 21ª, Dous, preténdese a revisión do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo, a percibir pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, pasando este a alcanzar un importe de 74,64 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE.

Na actualidade o importe que abonan os 296 concellos galegos, que utilizan os servizos de SOGAMA, é de 55,91 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE, co cal, de aprobarse definitivamente a pretensión da Xunta de Galicia, o canon se incrementaría nun 33,5%.

Xustifica a Xunta este desmedido incremento na caída das primas estatais que percibe SOGAMA pola valorización enerxética dos residuos (incineración de lixo), caída que ten a súa orixe nunha decisión do Goberno Rajoy.

O certo é que, analizando as contas que se recollen no proxecto orzamentario autonómico para o próximo ano, SOGAMA, co novo canon, pasaría de ter perdas no exercicio de 2013 a ter uns beneficios no 2014 de 6.624.160€, despois de impostos.

Non resulta comprensible, nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico galego como SOGAMA, adscrita á Consellería de Medio Ambiente,

Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten o 51% do capital social, se plantee, nos tempos de crise que estamos a sufrir, a prestación dun servizo público, con afán recadatorio, toda vez que o fin da suba non é o de conseguir a simple cobertura de custos do servizo, senón tamén o de xerar uns inxustificadros beneficios, beneficios que serían directamente detraídos dos xa moi empobrecidos petos dos cidadáns.

É de todos coñecido que a práctica totalidade dos concellos están a sufrir unha importante diminución dos seus ingresos, atopándose nunha situación moi delicada que lles ten obrigado a deixar de prestar ós seus veciños algúns servizos moi necesarios. De levarse a cabo este incremento que pretende a Xunta a penuria do municipalismo galego será moitísimo maior.

A Xunta de Galicia, en vez de demandar compensacións ó Goberno central polos recortes que sufrirá SOGAMA nas primas pola coxeneración eléctrica, opta pola solución socialmente máis inxusta: incrementar o canon, obrigando ós Concellos a subir as taxas que deberán abonar os seus veciños pola recollida do lixo.

Resulta insultante a carencia da máis mínima sensibilidade social da que da mostra a Xunta de Galicia do Partido Popular nun asunto como este. Gobernando baixo a fórmula do "ordenado e mando" da as costas ós galegos e castiga dun xeito inmisericorde os seus intereses.

Os Socialistas apostamos por afrontar esta situación dende o diálogo e o respecto institucional entre os poderes locais, representados na FEGAMP, e o poder autonómico, e demandamos da Sociedade Galega de Medio Ambiente ter cumprido coñecemento da realidade da súa xestión económico financeira e organizativa, así como dos parámetros de eficiencia medio ambiental e ecolóxica que alcanza no tratamento dos residuos que se lle confían.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de SILLEDA propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1º. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

2º. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos.

3º. Dirixirse a todos os Grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc.) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos.

4º. Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do

ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias ós concellos.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso falando das 2 principais vías de ingresos de SOGAMA e que unha delas é o canon dos concellos, que SOGAMA ten que autofinanciarse, que co bipartito se repartiron dividendos nos anos 2006 e 2007, que as contas están auditadas e son públicas e que o canon non é elevado.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que está dacordo coa moción, pero que ve certa tibieza con SOGAMA, que a Xunta de Galicia ten que mirar outra alternativa. Remata dicindo que lle parece ben a moción agás a escasa crítica e tratar o problema da incineración.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do PSdeG-PSOE para instar á Xunta de Galicia a desistir da pretensión da suba do canon polo tratamento do lixo na planta da sociedade galega do medio ambiente (**SOGAMA**), nos termos en que foi presentada.

4.6.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A SUBA DO CANON DE SOGAMA

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dando lectura a parte dispositiva, dí que hai que esixir dimisións, solicitar a intermediación da FEGAMP e non pagar o incremento de 2014.

A moción é a seguinte:

Matías Rodríguez da Torre, Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte **MOCIÓN CONTRA A SUBA DO CANON DE SOGAMA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos da Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (SOGAMA).

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, que impón recortes nas tarifas para percibir poia coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de *enerxía*.

Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento nin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo que se repite, como noutros ámbitos por parte do Goberno do PP, pola adopción de medidas dírixidas a salvar ás grandes empresas corporativas transnacionais, e neste caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas.

Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsíbeis que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns de euros a canta da cidadanía galega que verá repercutido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida de lixo aos concellos. Este feito é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transportalo para rematar nun vertedoiro.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dese plano demostran seren falsas as afirmacións -do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa *valorización* enerxética, sen ter en *conta* outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis susteniábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Por outra banda, desde a aprobación da Lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver poia Mancomunidade da Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo trabas, sobre todo no que atinxe a acceder a axudas nas condicións cando menos análogas ás que fivo SOGAMA. En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e compostaxe e mostran custos máis sensatos, para alén de crear máis emprego directo. De feito, a transformación de modelo de xestión dos RSU podería supoñer uns 2.000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte.

Cómpre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten da *valorización* enerxética do lixo. Mesmo planos estatais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da corporación *municipal* de SiUeda a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a

1. Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.
2. Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP ecos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellaría con atribucións en medio ambiente.
3. Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apelando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso que o tema ecolóxico non é que sexa máis barato., ao que o Sr. Rodríguez da Torre contesta que non ten os datos agora.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do BNG contra a suba do canon de SOGAMA, nos termos en que foi presentada.

4.7.- MOCIÓN DO BNG, DIANTE DO 25 DE NOVEMBRO DE 2013, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre, dí que xa pasou a data pero que é importante, procede á lectura da parte dispositiva da moción que é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN DIANTE DO 25 DE NOVEMBRO DE 2013, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer as vítimas.

Na Galiza, desde 2009 redúcense cada ano as denuncias en números absolutos de 6.068 en 2009, a 5.153 en 2011, a 4.788 en 2012. Así, a porcentaxe de denuncias presentadas por cada 10.000 mulleres en Galiza sitúase no 33.29%, a segunda cifra máis baixa do Estado español, só superada por Castela-León co 32.16%; sen que esta redución se poida achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega mais ao contrario, ten a súa orixe nas dificultades económicas que sofren con maior incidencia as mulleres.

O acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos procesos xudiciais é garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións vese tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades.

Continúan sen se desenvolver medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas, unha atención fundamental para construír a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.

A pesar dos esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista.

A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Estamos a vivir recortes en programas e recursos imprescindíbeis para apoiar as mulleres que deciden dar o paso. No momento en que todas as asociacións de mulleres alertan con diferentes informes que "a crise supón un freo para denunciar, polo temor a non encontrar emprego e verse sen recursos para saíren adiante" sorprende que o goberno galego non analice as necesidades das mulleres que sofren violencia de xénero neste momento concreto e non aplique con dilixencia as leis vixentes.

Moitos concellos foron pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das abrigas, da garantía do dereito das mulleres a viviren sen violencia.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

1- A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.

2- A Corporación municipal insta ao Goberno galego a facer efectiva a *Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero* e deste modo:

- Mellorar as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, para o que cómpre establecer uns baremos de renda idénticos aos que se recollían nas convocatorias anteriores a 2011, eliminar a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas no artigo e garantir que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano, fixar un prazo máximo de 30 días para a resolución e pago efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude. Dada a situación de crise económica que viven as mulleres galegas, é preciso, asemade, ampliar a duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

- Presentar perante o Parlamento un estudo e valoración desta axuda económica durante os sete anos da súa aplicación.

- Dar cumprimento ao contido do artigo 25 que recollece a necesidade de integrar a "Atención psicolóxica" como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias.

- Implantar, tal como recolle o artigo 27 da lei, a través do departamento competente no ámbito sanitario un sistema de rexistro de casos de violencia de xénero.

- Dar cumprimento, de xeito prioritario, ao artigo 35 de "Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego" garantindo que as mulleres que sofren violencia de xénero sexan colectivo preferente na totalidade da normativa autonómica relativa ao establecemento de axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal e na empregabilidade en xeral.

- Garantir o cumprimento dunha "Atención xurídica" axeitada, permanente e especializada en materia de violencia de xénero. Garantirase que as persoas profesionais que presten estes servizos terán unha formación específica en materia de violencia contra as mulleres como requisito para o exercicio desta atención.

3- A Corporación municipal insta ao Goberno Galego a demandar de xeito efectivo do goberno do estado a creación dos xulgados específicos de Violencia de xénero nas cidades galegas que a día de hoxe aínda carecen deles."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que están dacordo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está totalmente dacordo.

Intervén a Sra. García Troitiño dicindo que están dacordo e que contan cun itinerario básico de protección das mulleres maltratadas.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables de todos os membros dos grupos da Corporación (13) queda aprobada a moción do BNG, diante do 25 de novembro de 2013, día da non violencia contra as mulleres, e contra os recortes na protección das vítimas de violencia de xénero, por unanimidade, e nos termos en que foi presentada.

Dilixencia: Para facer constar que se fai un receso, reanudándose a sesión aos 15 minutos.

4.8.- MOCIÓN DO BNG PARA PARALIZAR A VENDA DE NOVAGALICIA BANCO.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dando lectura á parte dispositiva da moción, dí que Bankia é sistémica e Novagalicia como pode ser que non co aforro de miles de galegos, que no intre que se venda o banco os preferetistas perderán os seus aforros e que se vai a perder o financiamento de obras sociais.

O texto da moción é o seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA PARALIZAR A VENDA DE NOVAGALICIA BANCO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia estratéxica para a Galiza da permanencia de Novagalicia Banco como Banco Galego Independente non se pode poñer en dúbida ao se tratar dunha ferramenta fundamental para a subsistencia na Galiza do aforro dos galegos e das galegas, a fin de que sexa destinado prioritariamente a fornecer de crédito para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da economía do país.

Esta permanencia está ameazada polo anuncio do FROB de vender a entidade antes de rematar o ano a través dunha poxa, unha ameaza que afecta a Galiza mentres o goberno do Estado español respecta a permanencia de Bankia, entidade que se negan a vender por considerala unha entidade sistémica para España.

Mais para a Galiza, Novagalicia Banco, tamén é sistémica por centralizar o aforro de miles de galegos e galegas, constituír un patrimonio económico fundamental para o desenvolvemento da nosa economía como pobo, prestar servizos na práctica totalidade dos concellos galegos e posuír un patrimonio cultural e de infraestruturas de vital importancia para Galiza.

A anunciada venda significaría un negocio ruinoso para as persoas contribuíntes, pois despois de destinaren máis de 9.000 millóns de euros de recursos públicos para o seu saneamento, a venda en réxime de poxa só permitiría recuperar unha parte moi pequena do diñeiro público investido.

A todo isto hai que sumar a eliminación de oficinas bancarias que afectaría gravemente aos núcleos que se atopan fóra das grandes poboacións e que acotío sofren a redución de servizos de que gozaban por viviren en vilas e aldeas do rural, privados de servizos e incrementando a súa dependencia con custosos desprazamentos e perdas de tempo a outros núcleos urbanos, vilas ou cidades,

resultando o acicate definitivo para abandonar o rural ao quedar desprovistos dun servizo recibido desde hai moito tempo.

Do mesmo xeito, de producirse unha venda a entidades estatais, como se aposta dende o FROB, a desaparición de empregos e vinculación territorial sería total, o que suporía un enorme número de despedimentos, xunto cunha desvinculación total das necesidades económicas galegas.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Demandar do FROB que paralice a decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galiza.
2. Demandar do Congreso dos Deputados aprobar as reformas legais necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados, como o caso de NCG Banco, a fin de que se manteñan como entidades independentes cara o futuro e con capacidade de decisión propia.
3. Oporse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galiza.
4. Defender a permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente, estudando a alternativa da súa transformación nun Banco Público Galego.
5. Instar á Xunta de Galicia a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que as persoas adquirentes de participacións preferentes das extintas caixas de Aforro poidan recuperar inmediata e integramente a totalidade dos seus aforros”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que esta entidade está participada polo FROB, que ten que saír ao mercado antes do 31/12/2016 e que son as condicións que se pactaron en Europa.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicíndolle ao Sr. Espiño Espantoso que iso non é así

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que están dacordo coa moción.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do BNG para paralizar a venda de Novagalicia Banco, nos termos en que foi presentada.

4.9.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á QUERELA ARXENTINA CONTRA OS CRIMES DO FRANQUISMO

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre falando dos crimes de lesa humanidade que non prescriben, qe o motivo da presentación desta moción é que tamén houbo xente represaliada en Silleda e xente asesinada e que a xente ten dereito a que estes crimes sexan xulgados.

A moción é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN DE APOIO Á QUERELA ARXENTINA CONTRA OS CRIMES DO FRANQUISMO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo de 1936 a sublevación militar encabezada por Francisco Franco, derrocou o goberno lexítimo da República e instaurou un réxime totalitario baseado na persecución e aniquilación física dos defensores e defensoras da liberdade, da xustiza social e dos dereitos das persoas.

Este réxime ditatorial foi mantido polo exército, a oligarquía e a Igrexa católica durante os seguintes corenta anos mediante a feroz represión de calquera oposición, utilizando para iso medios que poden ser cualificados de xenocidio contra o seu propio pobo.

Mais trinta e cinco anos despois, unha xuíza arxentina, María Servini, leva adiante unha causa contra o franquismo e os seus protagonistas vivos, por delitos de xenocidio e lesa humanidade, delitos que nin prescriben nin poden ser amnistiados por ningún tipo de "Lei de punto final". Aínda sendo tramitada desde instancias internacionais, esta querela comeza a romper o muro de impunidade do franquismo, contra o que tantas persoas e organizacións sociais vimos combatendo. Resulta, por tanto, un feito de importancia transcendental na loita pala xustiza, a verdade e a reparación dos danos causados aos centos de miles de vítimas do franquismo.

A Lei de Amnistía promulgada polo Estado español non pode impedir a apertura dunha causa contra o franquismo, máxime cando foi a propia ONU, a través da oficina en Xenebra da Alta Comisionada para os Dereitos Humanos, quen en febreiro do ano pasado emitiu unha nota pedindo ao Estado español a derogación da *Lei de amnistía* de 1977 porque incumpre a normativa internacional en materia de dereitos humanos. E afirmou que o Estado español 'está abrigado, baixo a lei internacional, a investigar as graves violacións dos Dereitos Humanos, incluídas as cometidas durante o réxime de Franco, e a procesar e castigar os responsábeis se aínda estiveren vivos'. Acrecenta tamén que existe un deber cara ás vítimas, que teñen 'dereito de reparación'.

Mesmo esta oficina lembrou que, conforme unha recomendación de 2009 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU, o Estado español 'debe derrogar a súa lei de amnistía, posto que non está conforme coas leis internacionais de dereitos humanos'. Esta recomendación foi elaborada por 18 persoas expertas da

organización internacional, e toma como base o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, ratificado polo Estado español no ano 1985. Para alén disto, esta derogación xa foi pedida polo BNG no Congreso dos Deputados no ano 2011.

Por iso, o grupo municipal do BNG fai súa a iniciativa da Rede Cidadá de Apoio á Querela Arxentina Contra os Crimes do Franquismo e proponlle ao Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

1. Condenar a sublevación militar fascista dirixida por Francisco Franco, en xullo de 1936, contra o réxime republicano lexitimamente constituído no ano 1931, e o réxime ditatorial posterior que durante corenta anos reprimiu con terrorismo de Estado todo vestixio de disidencia e loita pola liberdade, a xustiza social e os dereitos das persoas, e que levou a cabo máis de 5.000 asasinatos en Galiza.

2. Condenar o papel xogado por boa parte das oligarquías agraria, industrial e financeira e a xerarquía da Igrexa católica polo seu apoio ao golpismo e ao réxime fascista que se instaurou despois.

3. Adoptar desde o goberno municipal as medidas necesarias para garantir que as persoas represaliadas pola rebelión militar de xullo de 1936, polo réxime franquista e o terrorismo de Estado, o exercicio do seguintes dereitos:

- O dereito a coñecer a verdade sobre aquel réxime, para contrarrestar os intentos de reescribir a historia que veñen facendo por parte dos seus herdeiros.
- O dereito á xustiza efectiva para superar o actual estado de impunidade dos responsábeis dos crimes contra a humanidade cometidos.
- O dereito a unha reparación digna e non discriminatoria para centenas de miles de vítimas do franquismo.
- O dereito do conxunto da sociedade a que se implementen medidas de cambios sociopolíticos, xurídicos e institucionais como garantía de non repetición.

4. Apelar e adherirse á Querela 4591-10, do Xulgado Nº 1 de 80S Aires, República Arxentina, que leva adiante a maxistrada María Servini por delitos de xenocidio e lesa humanidade contra os responsábeis da conculcación dos dereitos humanos durante o franquismo.

5. Solicitar do goberno do Estado español que cumpra a recomendación da Comisión de Dereitos Humanos da ONU e derogue a *Lei de amnistía* de 1977 para poder xulgar os crimes do franquismo no Estado español.

6. Facer un chamamento á cidadanía a apoiar a querela contra os crimes do franquismo, como persoas querelantes directamente represaliadas durante o réxime franquista, como parentes das represaliadas ou ben manifestando a súa denuncia da ditadura franquista e a súa adhesión á querela contra os seus crimes e os seus protagonistas.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso lembrando que a lei do 77 foi aprobada por todos os partidos, que só se mira agora para un bando e que non queda ninguén a quen xulgar.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que teñen que votan en contra porque tal e como ven redactado o punto 4º.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen explica que o punto 4º de adhesión non é como querelante senón dende un punto de vista institucional e moral.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non coñecen a querela e que por tanto se van a abster.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que moitas veces se fala dende o descoñecemento, que en Galicia non houbo guerra civil senón represión dun bando contra un goberno democrático.

Sometida a moción a votación e co voto favorable do grupo mixto (1), o voto en contra dos membros dos membros do grupo municipal do PP (6) e a abstención dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (6) queda rexeitada a moción do BNG de apoio á querela arxentina contra os crimes do franquismo.

4.10.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A IMPUNIDADE DA MAREA NEGRA DO 'PRESTIGE' E A PROL DA TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS MARÍTIMAS Á XUNTA DE GALIZA

Dí o Sr. Rodríguez da Torre que ista non é máis que a resposta a unha vergoña, contaminar de xeito gratuito dende o punto de vista económico e político.

O texto da Moción é o seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN CONTRA A IMPUNIDADE DA MAREA NEGRA DO 'PRESTIGE' E A PROL DA TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS MARÍTIMAS Á XUNTA DE GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sinistro do buque petroleiro 'Prestige' nas costas da Galiza o 13 de novembro de 2002 mostrou daquela o problema da seguranza do tráfico marítimo que circula polo corredor de Fisterra e ameaza as costas galegas, e, desgrazadamente hoxe, coa sentenza ditada polo xulgado a total impunidade dos autores da marea negra e dos responsábeis políticos no goberno do PP no Estado e os seus cómplices na Xunta.

A pesar de o litoral de Galiza ser o máis afectado do mundo pola contaminación derivada de accidentes marítimos destas características, pois nos últimos 43 anos houbo catro buques que provocaron importantes vertidos de hidrocarburos ao mar (Polycommander, Urquiola, Aegean Sea, Prestige), aos que se lle deben sumar outros sinistros en que tamén houbo unha importante contaminación mariña polo vertidos de produtos altamente contaminantes (Erkowitz, Cason), son as autoridades xudiciais as que permiten, despois de 11 anos, a pervivencia desta situación de risco e a impunidade manifesta dos responsábeis.

A senteza do 'Prestige' permite que o Estado continúe controlando os dispositivos de transporte de mercadorías perigosas por mar nas costas galegas, impedindo que Galiza poida facelo en porto e en tránsito, e tamén que os medios de salvamento e

prevención de catástrofes ambientais despregados nas nosas costas non sexan suficientes e adecuados para encarar situacións de risco ou combater a ameaza da contaminación.

Así hoxe, con esta sentenza, non só se premia o feito da marea negra senón que os seus responsábeis quedan impunes, e ademais vale para apoiar a falta de vontade para transferir as competencias en tráfico marítimo e prevención de accidentes no mar á Xunta de Galiza, animando a actitude compracente dos gobernos español e galego do PP, que non actúan nas instancias que ocupan para protexer os intereses dos galegos e galegas vinculadas directamente á actividade pesqueira no mar e que constitúe unha fonte de riqueza de moitas comarcas costeiras de Galiza.

Por todo iso, solicítase do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Lamentar a sentenza ditada pola marea negra provocada polo Prestige que permite a impunidade dos seus responsábeis, tanto políticos como materiais.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do estado español a transferencia das competencias para o control e inspección dos barcos que recalcan nos portos galegos e dos que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra, para poder aplicar unha política preventiva no transporte marítimo de mercadorías perigosas, ademais da competencia inherente ao salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña nas costas de Galiza.
3. Apoiar as mobilizacións en contra da impunidade dos responsábeis da marea negra do Prestige e en demanda da transferencia de competencias á Galiza nesta materia.
4. Enviar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos do Parlamento galego.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que comparten o malestar social e que xa se anunciou recurso, que hai que distinguir o estado do barco e as responsabilidades políticas.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do BNG contra a impunidade da marea negra do 'Prestige' e a prol da transferencia de competencias marítimas á Xunta de Galiza, nos termos en que foi presentada.

5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2013.

O pleno dase por enterado.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

PP

Intervén o Sr. Espiño Espantoso

Pregunta polo despido de Pilar Dulcey Orozco, que foi despedida no periodo de lactancia. E pregunta sobre os asuntos que está a levar a avogada contratada polo concello facendo referencia a unha serie de facturas emitidas.

Dí o Alcalde que o 90% dos temas que está a levar esta avogada é de defender suizos do PP e que prácticamente non leva nada.

BNG

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre

Pregunta a canta xente se despediu últimamente e o motivos. Contesta o Alcalde que a Pilar Dulcey.

Sobre o CEIP, constesta a concelleira Peón Iglesias quen dí que na xuntanza direxon que non era prioritario e que o voceiro do PP quedou calado e que `propuso que se pagase por parte do concello o 50%. Que subiron 20.000,00 euros no orzamento previsto inicialmente e que se conseguiu o compromiso de que nos rzamentos vai o amaño do tellado do colexio.

Sobre o traslado da escola de música á semana verde. Dí o Alcalde que se falou coas bandas e a ANPA e que o entenderon, non hai avances pero que onte falou con vicepresidencia e que espera amañarse pronto. Contesta o Alcalde que o Concello non tivo responsabilidades que se creou a escola de música municipal e se optou por unha forma de xestión coas dúas bandas, que é a asociación a que leva a escola de música, que parece que teñen discrepancias e que pediron ser escoitados pola concelleira de cultura, que foron escoitados, que se debatiu e que desexa que o sigan facendo estes anos e que se repartan os fondos, dí que o orzamento son 82.000,00 euros.

Pregunta sobre a convocatoria de prazas. Dí o Alcalde que toma nota pero que de momento non está previsto e que existen dificultades pola Lei de Ornamentos Xerais do Estado.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por rematada a sesión, cando son as vintedúas horas e cincuentacincuenta e sete minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace
O ALCALDE



O SECRETARIO,

